

PEZA DO MES

outubro

2012



A PEDRA ALTA DE CASTRELO DO VAL



LOCALIZACIÓN DO LUGAR DE APARICIÓN

A Pedra Alta de Castrelo do Val

Esta singular peza apareceu ao labrar un terreo no lugar de Pedra Alta, propiedade de D. Manuel Lozano Rúa, veciño de Castrelo do Val. Enterrada a 50 cm de fondura, chamou a atención un grande bloque granítico, tanto polo seu tamaño como por tratarse dun material non presente na contorna inmediata. O seu descubridor agochouna baixo unhas árbores próximas, na mesma parcela. Seu irmán Xosé Lois, a quen chamaron a atención uns gravados sobre ela, púxoo en coñecemento de D. Bruno Rúa Martínez, veciño de Verín afeccionado e divulgador da arqueoloxía. Foi a través deste, a comezos de 2011, que chegou a coñecemento dos arqueólogos que subscriben, identificándose a seguir coma unha estatua-menhir ou estela de guerreiro, datable na Idade do Bronce (II-I Milenio a.C.).

O seu estado de conservación é relativamente bo, aínda que presenta diversos golpes e riscos provocados por acción dunha máquina, quizais durante os labores de concentración parcelaria levados a cabo en 1973 nesta zona.

Pesa uns 800 kg e conta cunhas dimensións de 175 cm de altura, entre 63 e 70 cm de anchura e uns 30 cm de grosor. Presenta un perfil antropomorfo, con catro escotaduras labradas de dúas en dúas que procuran definir, de xeito moi arcaico e primitivo, unha silueta humana. Estes rebaixas parecen ter sido feitos sobre un soporte inicialmente de perfil regular, abrindo o debate de se orixinalmente foi unha estela e logo se transformou en estatua-menhir, xa que estas adoitan presentar as extremidades en resalte, nunca rebaxadas.

O feito de que estea labrada en granito de gran medio non carece de importancia, xa que se trata dun material ausente na contorna inmediata, na que é a lousa a pedra de uso tradicional. Deste xeito, o granito tivo que ser traído dunha canteira situada a unha distancia relativamente considerable, sendo os afloramentos graníti-

cos máis próximos e de características semellantes ao da estela, os situados nos montes de Vences e Estevesiños, a uns 3 km ao NW do lugar da Pedra Alta, segundo observación e información dos veciños de maior idade de Castrelo do Val. Isto quere dicir que aos gravadores, ademais do contido, preocupounos o contedor ou soporte do monumento conmemorativo.

O suco que define os gravados foi realizado por piqueado, técnica empregada nos petróglifos. A pesar de chegar a nós profundamente erosionados, lograronse identificar diversos motivos que fan desta peza un único na arqueoloxía galega. Para a identificación destes contouse coa colaboración de D. Antonio de la Peña Santos, arqueólogo e investigador especialista en petróglifos da Idade do Bronce.

Desde o punto de vista iconográfico, os elementos máis significativos e relevantes son o escudo e o carro. O escudo aparece representado por medio de tres círculos concéntricos e unha escotadura en uve ademais dunha posible abrazadeira horizontal. Este tipo de escudos están presentes en Irlanda (Cloonlara, Clonbrin, Annandale), Dinamarca (Museo Nacional) e Suecia (Nackhälle) e tamén no Mediterráneo (Chipre e Creta), de onde son orixina-rios, segundo varios autores.

No que atinxe ao carro, que se conserva en malas condicións, presenta unha incisión máis fina que o resto dos motivos, quizais a causa da maior precisión que esixe o seu gravado. Os carros son frecuentes nas estelas da área do río Tajo/Tejo e son unha mostra da interacción entre as culturas do Mediterráneo e as que habitaban a Península Ibérica na transición do II ao I Milenio antes de Cristo. O de Pedra Alta aparece tirado por dous cuadrúpedes, probablemente cabalos. A perspectiva utilizada para gravar o carro é a coñecida como *perspectiva torcida*, xa que permite observar este vehículo desde dous puntos de vista simultáneos.

Nunca antes aparecera en Galicia un gravado prehistórico datado na Idade do Bronce cun escudo e un carro destas características.

A distribución dos motivos é a que segue: o escudo ocupa o lugar central, a modo de emblema; sobre el dispónse a espada, que aparece envaiñada e sustentada por unha correa que fai que se cruce en diagonal por diante do peito do "guerreiro". Na parte inferior do escudo represéntase un carro tirado por cuadrúpedes e, por baixo del, unha posible lanza gravada en horizontal que ocupa todo o ancho da estela. No reverso da peza aparece gravada unha aliñación de tres cazolletas e unha cuarta illada.

O lugar en que apareceu a estela, situado no límite SW do concello de Castrelo do Val, xa raiando con Verín e Monterrei, é coñecida como Pedra Alta. O lugar caracterízase por ser unha chaira aluvial, situada á beira do río Támega. O topónimo evidencia que a peza estivo fincada e ergueita neste lugar desde hai moito tempo, probablemente desde época prehistórica. Neste senti-

do hai que recordar que outro tipo de pedras fincadas –caso da Pedra Alta da Limia por exemplo– serviron de referencia física para definir o límite de coutos e xurisdicións durante a Idade Media e a Idade Moderna, e para a sinalización de recursos, asentamentos e necrópoles ao longo da prehistoria.

Actualmente o lugar está altamente modificado debido aos labores de concentración parcelaria levados a cabo no último terzo do século XX, e desapareceron os camiños e as parcelacións antigas. Non obstante, foi posible indagar e recrear como era anteriormente a paisaxe da Pedra Alta grazas ás informacións proporcionadas polos vellos do lugar e polo propio D. Xosé Lois Lozano Rúa.

Polo medio e medio da parcela, en sentido SW-NE, discorría un camiño, balizado por pedras ergueitas, entre as que se supón que estaba a Pedra Alta. O propio topónimo evidencia que a peza apareceu “in situ”, chantada no medio dunha contorna chaira e en relación directa co río Támega, que transcorre a escasos metros ao W do lugar. O propio camiño vello, hoxe desaparecido, enfiaba un vao sobre o propio río, aínda perfectamente visible, continuando en dirección a onde hoxe está Castrelo. A presenza da Pedra Alta tería servido, non só para bautizar as terras en que se atopaba ata mediados do século XX, senón tamén como fito delimitador dos territorios e, quizais, do couto medieval de Mixós. Esta división transmitiuse logo á división parroquial e, por extensión, á municipal actual.

O camiño descrito discorría 1 m máis fondo que as terras que atravesaba, desnivel que foi anulado coas explanacións realizadas canda a concentración parcelaria.

Chamounos a atención, porén, que ninguén recordara un marco ou pedra con gravados nos valados delimitadores dos predios; feito que nos fai pensar se a estela estaría enterrada xa antes da concentración parcelaria.

Sexa como for, o que queda claro é a relación desta co camiño que transcorre en paralelo ao curso fluvial do Támega, como vía de tránsito natural, e co propio río e o vao descrito.

Esta circunstancia pon ao xacemento en relación con outros semellantes, tanto no NW coma noutras áreas onde apareceron este tipo de estelas ou estatuas-menhir, cuxo epicentro se sitúa no SW peninsular.

A estela antropomorfa ou estatua-menhir de Pedra Alta é, hoxe por hoxe, unha peza única en Galicia dende o punto de vista tipolóxico e formal. Por primeira vez documéntase un gravado prehistórico datado na Idade do Bronce cun escudo de escotadura en V e un carro tirado por animais.

Pertence ao que a historiografía deu en chamar *Estelas do Suroeste*, por localizárense maioritariamente neste sector da Península Ibérica, ben que se teñen documentado algúns exemplares illados en Castela, norte de Portugal, Aragón ou no sueste de Francia. Na actualidade, en Europa, están catalogadas unicamente 116 pezas desta tipoloxía.



CALCO DA PEZA. (FONTE: A. DE LA PEÑA SANTOS)

Posiblemente a súa erección estivo relacionada coa sinalización de recursos, asentamentos e/ou necrópoles na transición entre o II e o I Milenio antes de Cristo.


Alto total	175 cm
Anchura	Na “cabeza”: 63 cm Nos “brazos”: 70 cm Nos pés: 73 cm
Grosor	Na “cabeza”: 33 cm Nos “brazos”: 33 cm Nos pés: 30 cm
Escotaduras	Superior esquerda: Alto 40 cm; Diagonal 19 cm Superior dereita: Alto 39 cm; Diagonal 32 cm (é dobre cara adiante e atrás) Inferior esquerda: Alto 35 cm; Diagonal 15 cm Inferior dereita: Alto 25 cm; Diagonal 18 cm
Gravados:	
Escudo	Diámetro exterior 32/33 cm Suco radial: 9 cm longo Grosor sucos: 2 cm
Espada	53 cm de longo 8 cm de ancho (de suco a suco)
Posible lanza transversal	63 cm de ancho 2 cm grosor



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Alberte Reboreda Carreira, Eduardo- Breogán Nieto Muñiz.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

galicia

Museo Arqueolóxico



XUNTA
DE GALICIA